AS COSTAS DE GALICIA

ÍNDICE

- *As costas : conceptos*
- *As costas de Galicia e a actividade pesqueira*
- *As Rías Altas e as Rías Baixas*

AS COSTAS

Conceptos

Arquipélago : Conxunto de illas
Cabo: Punta de terra que penetra no mar
Cantís: Costa alta e rochosa
Dunas : Formacións de area nas praias
Golfo: Ampla entrada do mar na terra
Litoral: Liña de separación entre a terra e o mar
Península : Extensión de terra rodeada de auga por todas partes menos por unha
Praia: Costa baixa constituida por area
Ría : Grande estuario formado a partir dun vale costeiro mergullado

As costas de Galicia e a actividade pesqueira.

Galicia ten 1200 kilometros de costa .

A costa galega é recortada , con continuos entrantes e saintes , que se manifestan en rías , esteiros , golfos e cabos. O cabo Fisterra e o límite entre as Rías Altas e as Rías Baixas. O cabo Estaca de Bares é o que separa a vertente Atlántica da Cantábrica . O esteiro do Miño separa Galicia de Portugal e a Ría de Ribadeo e o límite do territorio galego con Asturias.

Este tipo de costa foi propicia para unha intensa actividade humana ao longo do tempo . Desenvolvéronse portos pesqueiros importantes . Hoxe , a pesca e o marisqueo teñen nome propio na economía galega.

A actividade pesqueira ten as seguintes clases:

** Pesca de altura, practicada en lugares afastados de Galicia e que captura maiormente bacallau e atún .*

** Pesca de baixura , que se fai preto da costa , da que obtemos , entre outros , sardiña e xurelo.*

Pola súa banda, o marisqueo , sobre todo nas Rías Baixas , proporcionanos mexillóns, nécoras , ameixas, percebes....etc.

A COSTA NORTE :
RÍAS ALTAS E CABOS



A COSTA OCCIDENTAL
RÍAS BAIXAS E CABOS

AS ILLAS

Diferentes arquipélagos salpican a xeografía costeira galega destacando o das Sisargas nas Rías Altas e os de Cortegada, Sálvora , Ons e Cíes.

Boiro
Rianxo
La Curota
A Pobra do
Caramiñal
Cortegada
Vilagarcía
Cuntis
E-1
Portas
Ribeira
Vilanova
de Arousa
Ría de
Arosa
AP-9
Moraña
Barro
Meis
Cambados
O Grove
Sálvora
Meaño
Pontevedra
Sanxenxo
Marín
Ons
Vilaboa
Soutomaior
Bueu
Ensenada de
San Simón
Moaña
Redondela
Cangas
Illas Cíes
Ría de Vigo
Vigo
Mos
Monte
Castelo
O Porriño